

## DECRETO DA ALCALDÍA

**JOSE MANUEL MIÑONES CONDE, ALCALDE DO CONCELLO DE AMES (A CORUÑA).  
ASUNTO: MEDIDAS ADOPTADAS COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS (COVI/19).  
EXPEDIENTE 2020/G003/000709**

### ANTECEDENTES

Como consecuencia da pandemia xenerada polo coronavirus COVID-19 o Goberno de España mediante o Real decreto 463/2020 declarou o pasado 14.03.2020 o Estado de Alarma en todo o territorio español.

Esta declaración comporta unha severa limitación dos desprazamentos e o peche dos establecementos comerciais.

A FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) o día de onte, 15.03.2020, ditou unha Instrución para os concellos galegos propoñendo a adopción de determinadas medidas.

Entre as medidas propostas figura a suspensión das sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais: Xunta de Goberno Local, Pleno do Concello, Comisións Informativas, etc, ca única excepción da Comisión de Seguimento do COVID-19 ou calquera outra que fose preciso celebrar.

Por todo o exposto esta Alcaldía no uso das súas atribucións contidas na lexislación de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, RESOLVE

**Primeiro.** Suspender a celebración das sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local e Comisións Informativas, durante a duración do Estado de Alarma declarado polo Goberno do Estado.

**Segundo.** Suspender a celebración das restantes reunións de traballo ca única excepción da Comisión de Seguimento do Coronavirus COVID-19.

**Terceiro.** Publicar este decreto na web municipal e dar traslado a todos os concelleiros e concelleiras da Corporación Municipal.

Ames, 16 de marzo de 2020

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo

P - 1500200 - I